

Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEUSECRETARÍA DE ESTADO  
DE TURISMO

<b>NÚMERO DE EXPEDIENTE</b>	PCO.001.2024.00196
<b>CÓDIGO PROXECTO</b>	2023.3.81990.4
<b>DENOMINACIÓN</b>	PSTD: VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE

**ASUNTO: NGEU\_PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PROMOCIÓN DUN PROGRAMA DE RUTAS PARA A INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO GASTRONÓMICO MATERIAL E INMATERIAL-FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (COMPONENTE 14 INVERSIÓN 1)\_PSTD VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE (E4.A16).**

<b>PSTD VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE</b>	
<b>EIXE</b>	4. Competitividade
<b>ACTUACIÓN</b>	16. Servizo de deseño e promoción dun programa de rutas para a interpretación do patrimonio gastronómico material e inmaterial
<b>CODIFICACIÓN</b>	E4.A16

## 1.- ANTECEDENTES

Para superar a grave situación económica que desencadeou a pandemia do COVID 19 a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea acordaron un plan de recuperación para saír desta crise e sentar as bases para unha Europa moderna e máis sostible. Por isto, o Consello Europeo puxo en marcha a iniciativa NEXT GENERATION EU (NGEU), estruturada en varios instrumentos; un dos de maior volume é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, este mecanismo apoiará reformas e inversións a longo prazo, especialmente en tecnoloxías ecolóxicas e dixitais, cun impacto duradeiro na produtividade e a resiliencia da economía da Unión Europea.

En España o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) traza a folla de ruta para a modernización da economía española e para responder os retos da próxima década, co fin de mitigar o impacto da emerxencia sanitaria e adaptarse ao novo escenario postpandemia, comportando un importante volume de investimento público e privado nos próximos anos que se financiará cos citados fondos NGEU.

A quinta política do PRTR está denominada “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da Peme, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora” e materialízase, polo que respecta ao sector turístico, a través da compoñente catorce: “Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico”, cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sostibilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

Os catro grandes eixos deste compoñente son:

1. Transformación do modelo turístico cara á sostibilidade.
2. Programa de dixitalización e intelixencia para destinos e sector turístico.
3. Estratexias de resiliencia turística para territorios extra-peninsulares.
4. Actuacións especiais no ámbito da competitividade.



No primeiro dos eixos é no que se sitúa esta Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos, que pretende situar a sostibilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, que ten o seu reflexo nos Plans Territoriais de Sostibilidade Turística, que á súa vez articulan a súa intervención por medio dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD), que se constitúen como plans cuxo deseño e execución corresponde aos entes locais de cada un dos destinos, e orientaranse á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na Estratexia e cos demais obxectivos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo.

A Deputación Provincial da Coruña presentou a mediados de 2022 unha candidatura á convocatoria extraordinaria do Programa de Sostibilidade en Destino: o proxecto Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, que implica aos concellos de Cerceda, Ordes, Oroso, Tordoia e Santiago de Compostela.

Este proxecto está dirixido a impulsar o destino turístico da Vía Verde como unha alternativa de turismo sostible baseada no desenvolvemento dun produto turístico singular a partir da gastronomía e resto de recursos materiais e inmateriais do territorio vinculados á mesma.

A solicitude dun PSTD para o Proxecto da Vía Verde foi aprobada e formalizouse na Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo (BOE núm. 310, do 27.12.2022), cun orzamento de total de 1.375.400 de euros.

## **2.- OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto desta proposta é a contratación do deseño e promoción dun programa de rutas na Vía Verde para a posta en valor do patrimonio gastronómico, que corresponde á actuación 16 do eixe 4 do PSTD financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR); en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña.

## **3.- O PSTD VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE**

A Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle é un dos itinerarios da rede de Vías Verdes española que, reutilizando o antigo trazado ferroviario que unía as cidades de Santiago de Compostela e A Coruña, estase a acondicionar para a súa posta en funcionamento como ruta de transporte no motorizado. Esta Vía Verde pasa por polo territorio de cinco municipios, Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda, que contan cunha cultura gastronómica moi importante, ligada a alimentos e pratos de produción local. Este itinerario convértese nun recursos turísticos vertebrador e integrador moi importante para o territorio, xa que non so ofrece oportunidade de mobilidade sostible e vida saudable, senón que conecta de xeito directo coa cultura e o patrimonio local, poñendo en valor o destino.

A creación da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle supón a necesidade de adaptar ao perfil do turista deportivo e de natureza preocupado pola sostibilidade do territorio. Isto exige un traballo continuo na conservación e posta en valor dos valores do territorio e dos recursos asociados para, a partir deles, poder xerar experiencias e produtos turísticos que respondan ás necesidades e expectativas dos visitantes. Para xerar vivencias únicas dirixidas ao público obxectivo ao que se enfocan os produtos da Vía Verde é necesario cumprir estándares de sostibilidade ambiental e social que favorezan a imaxe da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle como un produto turístico de calidade. As actuacións propostas neste Plan pretenden facer fronte a algunha necesidade detectada, mellorando a seguridade e sostibilidade no destino turístico e implantando solucións aliñadas coa Axenda 2030 que contribúa a modernizar a oferta turística do país.



O principal obxectivo do Plan é impulsar o destino turístico da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle como unha alternativa de turismo sostible baseada no desenvolvemento dun produto singular a partir da gastronomía e o resto dos recursos materiais e inmateriais do territorio vinculados a el (patrimonio histórico, paisaxístico, cultural...).

A acción “Deseño e promoción dun programa de roteiros na Vía Verde para a posta en valor do patrimonio gastronómico coa participación da poboación e os profesionais locais” está contida dentro das propostas de actuación do Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Vía Verde Compostela-Trambre-Lengüelle, Plan desde o que se financia este contrato.

#### **4.-DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR E ENTREGABLES**

O traballo a desenvolver están vinculado a servizos de consultaría enfocados no deseño dun programa de rutas gastronómicas, e á implementación, xestión e avaliación dito programa en colaboración coas empresas agroalimentarias e turísticas e os axentes turísticos e locais do territorio da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle.

O equipo de traballo que levará a cabo cada unha das tarefas sinaladas deberán cumprir como mínimo os perfís funcionais que se detallan neste prego, así como contemplar todos os gastos asociados a ese persoal relacionado co desenvolvemento das súas funcións. As tarefas serán as que se establecen no presente prego, e se detallan neste apartado, e todos aqueles necesarios para a consecución dos fitos e obxectivos formulados dentro do prazo de duración do contrato e do PSTD; todos eles desenvolveranse baixo a supervisión e en coordinación coa persoa responsable do contrato designado pola Deputación Provincial da Coruña.

Para a creación das rutas o contratista deberá realizar como mínimo as tarefas e obrigacións que se detallan a continuación:

##### **4.1.-Tarefas e contidos do traballo**

###### **4.1.a.- Diagnose e análise da oferta gastronómica do territorio.**

Esta fase ten como obxectivo a realización dunha análise completa do sector turístico e gastronómico do territorio, para obter un pleno coñecemento da situación de partida para unha adecuada realización das prestacións do contrato.

O territorio obxecto de análise é o ámbito territorial do Plan de Sostibilidade Turística Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, que comprende 5 concellos: Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda.

A diagnose e análise da oferta gastronómica do territorio mencionado conterà polo menos os seguintes apartados:

- Análise de todos os produtos agroalimentarios asociados a cada municipio, os recursos asociados a cada un deles (produtores/instalacións agroalimentarias visitables, artesáns, venta directa, etc) e a oferta de servizos turísticos asociados á gastronomía existentes.
- Identificación dos produtos propios do territorio e analizar o grado de implicación deses produtos na oferta gastronómica local, e identificar as receitas e pratos típicos do territorio.
- Documentación das festas de exaltación de produtos gastronómicos do territorio.



Para a correcta execución desta fase, a empresa adxudicataria non só se realizará o traballo de campo oportuno, senón que se definirán as reunións e entrevistas necesarias cos potenciais axentes, asociacións de produtores, restauradores, tendas especializadas e calquera outro axente relacionado directamente cos produtos.

Finalizada esta fase, deberase entregar ao equipo designado pola Deputación:

- Un informe que recolla a análise do sector agroalimentario, gastronómico e turístico do territorio.
- Un catálogo dos produtos, produtores e comercializadores de produtos gastronómicos. Contidos mínimo: nome e datos de contacto, actividade, produtos, fotografías.
- Unha base de datos das empresas e entidades locais do territorio relacionadas co sector. Contido mínimo: nome e datos de contacto, actividade, fotografías.
- Documentación sobre as festas de exaltación de produtos gastronómicos. Contido mínimo: nome do evento, data e lugar de celebración, historia e traxectoria e os principais aspectos de cada unha delas.
- Un informe coas actividades realizadas no territorio durante a execución da fase do diagnose, con evidencias de todas as actuacións realizadas.

#### **4.1.b. Comunicación do proxecto.**

Unha vez coñecida a situación de partida, farase partícipe ao sector empresarial así como a todos os axentes, entidades e organismos relacionados co sector turístico e agroalimentario do territorio que poidan ser colaboradoras no proxecto da creación das rutas.

Organizaráanse xornadas de coworking entre o sector turístico e hosteleiro e os produtores agroalimentarios do territorio, co fin de impulsar as vías de colaboración e cooperación entre os sectores, poñendo en valor os produtos agroalimentarios km 0 e de temporada na oferta gastronómica de restaurantes, bares, cafeterías e aloxamentos.

Así pois, e para satisfacer esta acción, deberanse realizar polo menos 5 encontros nos que aborden a presentación da actuación e dos resultados da fase de diagnose e se creen grupos de traballo co fin de sumar empresas participantes no proxecto. Así mesmo, organizaranse visitas individuais a cada unha das empresas interesadas no proxecto, para facilitarlles o asesoramento que precisen. Froito destes encontros, deberase presentar unha memoria cos aspectos a mellorar detectados no sector e propostas de actuacións de pautas, indicacións e/ou suxestións para tratar de solventalos. Ademais, deberase entregar unha memoria das xornadas de presentación, a relación de empresas interesadas no proxecto e relación das que voluntariamente se adhíren ao proxecto e as propostas de accións de mellora.

#### **4.1.c.- Deseño e elaboración do programa de rutas.**

Presentarase un mínimo de tres propostas de rutas gastronómicas, que terán unha temática individual dedicada a un produto representativo do territorio. Ademais, deseñárase al menos unha experiencia gastronómica que implique a pernoctación no



territorio. Para a configuración das rutas e das experiencias, teranse en conta eventos gastronómicos xa programados e na medida do posible crearanse correspondencias coas mesmas. Ademais, procurarase que as rutas e experiencias sexan aptas para facer en bicicleta. En todo caso, as propostas deberán procurar unha representación equilibrada de todos os municipios da Vía Verde e serán validadas por parte da Deputación da Coruña.

Finalizada esta fase, deberase achegar un informe que recolla todas as propostas técnicas das rutas e experiencias, para a súa validación.

#### **4.1.d.- Posta en marcha e promoción.**

Unha vez aprobadas as propostas, elaboraranse os contidos e deseñaranse e maquetaranse os soportes que conterán a información das rutas para a súa posterior difusión, que como mínimo incluírán os seguintes:

Unha vez aprobadas as propostas, elaboraranse os contidos e deseñaranse e maquetaranse os soportes que conterán a información das rutas para a súa posterior difusión, que como mínimo incluírán os seguintes:

- Deseño, maquetación e dixitalización de fichas independentes de cada ruta.
- Deseño, maquetación e dixitalización da ficha da experiencia gastronómica.
- Deseño, maquetación e dixitalización dun catálogo de produtos e produtores do territorio.
- Deseño e maquetación dunha guía dixital que inclúa as rutas e as experiencias gastronómicas.
- Redacción de contidos para a súa difusión e promoción en webs e redes sociais.

Todos os contidos e os entregables entregaranse en galego, castelán e inglés, en formato editable e formato listo para su impresión, e deberá estar en liña coa imaxe corporativa da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle.

A empresa elaborará un plan de promoción que incluírá as actuacións precisas para a correcta comunicación do programa de rutas. Deberá presentar as actuacións escollidas e xustificalas, e contarán coa aprobación da Deputación da Coruña. Todas as accións de comunicación, publicidade e difusión das actividades deberanse realizar prioritariamente en lingua galega, empregando os dous idiomas oficiais (galego e castelán) cando así o exixa a Deputación da Coruña. Todos os instrumentos comunicacións empregarán criterios de accesibilidade universal, garantindo a inclusión da perspectiva de xénero e diversidade.

#### **4.1.e.- Seguimento e avaliación.**

Deseñadas as rutas e realizada a posta en marcha e difusión das mesmas, farase un seguimento do programa e avalíaranse os resultados obtidos. Analizarase entre outros aspectos o grado de implicación das empresas no programa de rutas e o seu grado de satisfacción co mesmo, para facer os axustes que sexan necesarios. Será preciso tamén realizar propostas de actuacións de mellora do programa, que incluírán propostas de actividades complementarias e dinamizadoras para completar o programa. Ao finalizar os traballos, presentarase os resultados finais aos axentes do territorio.



Finalizada esta fase, a empresa entregará os resultados da avaliación do programa xunto cun informe con propostas de actuacións de mellora das debilidades detectadas na análise da oferta e na avaliación da experiencia das empresas participantes.

#### 4.2.- Entregables e prazos

A empresa adxudicataria deberá desenvolver todos os traballos indicados e achegar á Deputación da Coruña, nos prazos máximos indicados e como mínimo, todos os entregables resultantes da execución do contrato que se detallan a continuación:

Fase	Entregables	Data
a) Diagnose e análise da oferta	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe do análise do sector agroalimentario, gastronómico e turístico.</li> <li>- Base de datos cos produtos, produtores e comercializadores dos produtos.</li> <li>- Base de datos de empresas e entidades locais colaboradoras no programa de rutas.</li> <li>- Informe coa documentación das festas de exaltación de produtos gastronómicos.</li> <li>- Informe co todos os traballos realizados nesta fase, con evidencia da execución dos mesmos.</li> <li>- Informe de propostas de mellora.</li> </ul>	<p>Prazo máximo de 2 meses desde o inicio da execución do contrato.</p>
b) Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria das xornadas todas as xornadas de presentación realizadas.</li> <li>- Relación de empresas interesadas no proxecto, e das que se adhiren ao mesmo.</li> </ul>	<p>Prazo máximo de 1 meses desde a finalización da fase anterior.</p>
c) Deseño e elaboración do programa de rutas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe coas propostas técnicas das rutas e experiencias.</li> </ul>	<p>Prazo máximo de 3 meses desde a finalización da fase inmediatamente anterior.</p>
d) Promoción	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Todos entregables recollidos no apartado no 4.1.d.</li> <li>- Plan de difusión.</li> </ul>	<p>Prazo máximo de 2 meses desde a finalización das fases inmediatamente anteriores.</p>
e) Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe de resultados da avaliación do programa e propostas de actuacións de mellora.</li> </ul>	<p>Prazo máximo de 3 meses desde a finalización das fases inmediatamente anteriores.</p>





De todos os traballos finais a realizar, a empresa adxudicataria entregará como mínimo a documentación en galego e en formato dixital, en dúas versións (editable e de presentación), salvo os entregables recollidos no apartado 4.1.d, que se achegarán nos idiomas indicados. A maiores, entregaranse un informe por reunión celebrada que recolla os temas tratados na mesma.

## 5.-CONDICIÓNS XERAIS DE EXECUCIÓN

A relación e descrición dos distintos traballos a executar, así como as súas especificacións técnicas, que en todo caso consideraranse mínimas e de obrigado cumprimento para a empresa adxudicataria, son as que se detallan a continuación neste apartado.

### 5.1.- Desenvolvemento dos traballos.

A Deputación Provincial da Coruña designará como responsable de contrato a un/unha funcionario/a que en colaboración coa empresa adxudicataria validará a organización, propostas de documentos e cronograma dos diferentes labores e traballos a desenvolver, así como do resto da documentación.

Pola súa parte, a empresa adxudicataria designará para a dirección dos traballos un técnico responsable suficientemente capacitado que será quen coordine, sincronice e organice de acordo coas indicacións recibidas os traballos a realizar. Deberá xestionar todas as tarefas asociadas ás actuacións presentadas neste prego, seguindo as instrucións e orientacións formuladas pola Deputación, axustándose aos prazos programados para o cumprimento de fitos e obxectivos.

### 5.2.- Fitos e obxectivos

Na execución desta contratación deberase cumprir cos seguintes fitos e obxectivos específicos de cumprimento das actuacións.

#### 5.2.1- Fitos

- Diseñar e implementar un programa de rutas vinculadas coa gastronomía en colaboración con empresas locais do territorio da Vía Verde.

#### 5.2.2.- Obxectivos

- Elaboración dunha diagnose e análise da oferta gastronómica.
- Comunicación do proxecto ao sector turístico e da industria agroalimentaria.
- Diseñar e implementar unha primeira fase do programa de rutas.
- Deseño e elaboración do material de promoción das rutas.
- Achegar todos os entregables recollidos no apartado 4.1.

### 5.3.- Equipo de traballo

A empresa adxudicataria deberá dispoñer de todo o persoal necesario para a execución dos traballos. Deberase presentar o equipo de traballo proposto xustificando as tarefas de cada membro, así como a súa idoneidade e adecuación para o desempeño das tarefas encomendadas (achegarse CV de cada un deles).

O equipo de traballo estará formado, como mínimo, polo seguintes perfís profesionais:



a) 1 Responsable do proxecto (Área 4, Grupo A). Terá titulación universitaria superior relacionada co obxecto do contrato, con experiencia acreditada mínima de 3 anos relacionada con traballos de consultaría en materia de turismo. Encargarase de supervisar e establecer as estratexias de desenvolvemento das actuacións e velará polo cumprimento das disposicións contidas no presente prego. Dirixirá os recursos humanos do equipo de traballo e recibirá as instrucións da persoa responsable do contrato. A dedicación mínima ao contrato será do 50% para as dúas anualidades.

b) 1 Analista (Área 4, Grupo B, Nivel II). Terá titulación universitaria superior relacionada co obxecto do contrato, con experiencia acreditada mínima de 1 ano relacionada con traballos de consultaría en materia de turismo. Executará o proceso administrativo e técnico-operativo do proxecto cun grado de complexidade medio. Traballará baixo a supervisión da persoa responsable do proxecto. Terá unha dedicación exclusiva a este contrato dun 50% da xornada para as dúas anualidades.

c) 1 Deseñador gráfico (Oficial especialista preimpresión técnica). Terá unha titulación e unha experiencia mínima de un ano relacionadas co obxecto do contrato. Terá unha dedicación exclusiva a este contrato dun 50% da xornada para a primeira anualidade e dun 25% para a segunda anualidade.

Os perfís profesionais a) e b) refírense á clasificación do XVIII *Convenio colectivo estatal de empresas de consultaría, tecnoloxías de la información y estudios de mercado y de la opinión pública, área 4 (Consultoría)*. O perfil profesional c) refírese ao *Convenio colectivo estatal de artes gráficas, manipulados de papel, manipulados de cartón, editoriales e industrias auxiliares*.

De producirse algunha modificación respecto do persoal inicialmente asignado ao proxecto, o responsable do contrato deberá validar con carácter previo o cambio de profesionais, acreditando en todo caso o perfil académico e os coñecementos profesionais equivalentes aos propostos pola empresa nun primeiro momento (cumprindo os mínimos exixidos), reservándose esta Administración a posibilidade de rexeitar motivadamente algúns dos técnicos propostos pola empresa. Durante o desenvolvemento do contrato, se a Deputación Provincial da Coruña entendera que algún dos compoñentes do equipo non cumpre cos requisitos de calidade na prestación do servizo, de maneira motivada e previa audiencia á empresa, poderá instar ao seu relevo.

#### **5.4.- Comunicación entre a Deputación Provincial da Coruña e a empresa adxudicataria.**

Sen prexuízo das canles comúns establecidas pola normativa vixente en materia de contratación pública, as comunicacións no relativo á execución do contrato realizarase por medio do correo electrónico, debendo o contratista aportar, no momento da firma do contrato, polo menos un enderezo de correo electrónico mediante o cal faranse as comunicacións e un teléfono de contacto.

Durante a execución do contrato manteranse as seguintes reunións para valorar os avances nos traballos ata a súa achega final:

- Reunión inicial de posta en marcha dos traballos.





- Reunións mensuais ou bimensuais presenciais entre a persoa responsable da creación do programa e o responsable do contrato, nas que se verificará a evolución dos traballos, analizando para iso o resumo mensual, así como a información e documentación que sexa precisa. A estas reunións poderán incorporarse calquera outra/s persoa/s implicada/s nos PSTD.
- Sesións de traballo, xa sexan presenciais ou online, que serán a forma ordinaria de comunicación entre a persoa responsable da creación do programa e o responsable do contrato ou outro persoal da Deputación da Coruña para encargar tarefas, facer indicacións ou impartir instrucións, clarear dúbidas, avaliar as actuacións ou para calquera outra cuestión adicional.

### **5.5.-Condicións de traballo.**

As condicións de desenvolvemento dos traballos do equipo da empresa adjudicataria serán determinadas pola propia empresa adjudicataria en función da lexislación e o convenio de aplicación.

O persoal que empregue a empresa adjudicataria dependerá organicamente, única e exclusivamente da devandita empresa, que asumirá a condición de empresaria con todos os dereitos e deberes respecto deste persoal, sendo a Deputación Provincial da Coruña allea ás relacións laborais entre a empresa e as súas persoas traballadores.

A empresa contratista dirixirá e organizará a actividade das persoas traballadoras asignadas á execución dos traballos e controlará a correcta execución dos servizos, garantindo que salvo forza maior destinará ás mesmas persoas técnicas desde o inicio até o fin da realización do traballo. Tamén corresponderá á empresa a vixilancia do horario de traballo das persoas traballadoras e a xestión das posibles licenzas horarias ou permisos. Porén, é responsabilidade da empresa o deber de prestar un servizo de calidade que estará orientado á consecución dos mellores resultados medibles.

### **5.6.- Lugar e material de traballo.**

Con carácter xeral, o equipo de traballo desenvolverá as súas funcións nas instalacións da empresa adjudicataria. A Deputación Provincial da Coruña facilitará o análises e estudo da documentación cando sexa preciso, ben sexa presencial ou de forma telemática, garantíndose en todo caso o respecto á cláusula de tratamento de datos e de confidencialidade na execución do contrato.

As instalacións e centro de traballo, os equipos e o material informático, os teléfonos e demais medios necesarios para a correcta execución dos servizos contidos neste prego serán proporcionados pola empresa adjudicataria.

## **6.- PROPIEDAD DO RESULTADO DOS TRABALLOS, CONFIDENCIALIDADE E NORMATIVA**

Todos os documentos e os resultados dos traballos realizados no marco deste proxecto serán propiedade da Deputación Provincial da Coruña, que terá o dereito de explotación destes, incluíndo a reprodución, distribución, divulgación, comunicación pública e transformación. Ademais, a documentación facilitada pola Deputación Provincial de A Coruña para a execución do presente contrato, calquera que sexa o seu formato, é propiedade desta Administración,



polo que non poderá ser empregada fóra do alcance da execución deste contrato sen o seu consentimento expreso por escrito.

A empresa adxudicataria non poderá utilizar, nin proporcionar a terceiros, ningún dato relacionado cos traballos realizados, nin total nin parcialmente, sen a autorización expresa desta Administración. Poderá facer uso deles, xa sexa como referencia ou base de futuros traballos, sempre que conte coa autorización expresa, por escrito, da Deputación Provincial da Coruña.

A adxudicataria, e todos os membros do seu equipo de traballo, quedan expresamente obrigados a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ao que figura neste prego; do mesmo xeito, tampouco os poderá ceder a outros, nin sequera a efectos de conservación, comprometéndose expresamente ao cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RGPD), na súa integridade, así como a *Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

## **7.- NORMATIVA DE APLICACIÓN ESPECÍFICA PARA PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PROCEDENTES DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**

A presente licitación se enmarcará no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 13 de xullo de 2021 sobre a base da proposta aprobada pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021, e se desenvolverá de conformidade coas bases reguladas por esta mesma Orde, en réxime de concorrència competitiva.

Regúlase, entre outros, polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto de normativa que o desenvolve; en particular, deberán ser tidas en conta as medidas previstas no citado Regulamento dirixidas a evitar o dobre financiamento, artigo 9; as medidas contra a fraude, corrupción e conflito de interese, artigo 22.2.b); as medidas para o rexistro dos datos dos beneficiarios nunha base de datos única, artigo 22.2.d); a suxeición aos controis dos organismos europeos, artigo 22.2.e); a obriga de conservación da documentación, artigo 22.2.f) e as normas sobre comunicación e publicidade, de acordo co previsto no artigo 34.

En todo o material entregable á Deputación da Coruña e en todo o relativo a execución das actuacións propostas neste prego, deberán aparecer nun lugar visible os seguintes logotipos: Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Secretaría de Estado de Turismo, Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e o emblema da Unión Europea e Financiado pola Unión Europe-Next GenerationEU, conforme las indicacións del *Manual de Comunicación para Gestores y Beneficiarios de los Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*, e ser prexuízo doutras indicacións que poidan ser de aplicación.



As entidades adjudicatarias garantirán o respecto ao principio de «non causar un prexuízo significativo» (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento das axudas conforme o previsto no PRTR, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular as vencelladas ao cumprimento de fitos e obxectivos; do mesmo xeito, cumprírase coa Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C58/01, sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo», así como co requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións de etiquetado climático e dixital; isto tamén inclúe o cumprimento das condicións específicas previstas no Compoñente 14, no que se enmarcan estes proxectos.

O presente contrato queda suxeito a todas as cláusulas previstas no Plan Xeral de prevención de riscos na xestión económica-financeira e de medidas antifraude (PREMADECOR) da Deputación Provincial da Coruña.

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE TURISMO

## ANEXO I.- CADRO-RESUMO PROGRAMACIÓN ACTUACIONES: Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle

Eixos programáticos	Actuacións	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Total	
Eixo 1. Transición verde e sostible	1	Elaboración dun Plan de actuación e seguimento ante risco de inundacións dos leitos dos ríos Tambre, Lengüelle e Tourío ao seu paso pola Vía Verde	17.545 €	7.260 €	7.260 €	32.065 €
	2	Encontros para empresarios e emprendedores do sector da gastronomía e do turismo no ámbito da Vía Verde para fomentar a implantación da economía circular	11.845 €	11.845 €	11.845 €	35.535 €
	3	Elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística dos mercadillos alimentarios (feiróns) itinerantes para o fomento do consumo de produtos Km0 e de tempada en colaboración cos pequenos produtores	17.545 €	17.545 €	17.545 €	52.635 €
	4	Elaboración dun Plan de Sombras para áreas de descanso da Vía Verde	12.100 €			12.100 €
	5	Instalación de pérgolas axardinadas en áreas de descanso para facer fronte ao aumento de temperaturas consecuencia do cambio climático		59.200 €		59.200 €
	6	Redacción e execución dun Plan de control e eliminación de flora exótica invasora no trazado da Vía Verde	14.520 €	7.260 €	7.260 €	29.040 €
		<b>Total EIXO 1</b>	<b>73.555 €</b>	<b>103.110 €</b>	<b>43.910 €</b>	<b>220.575 €</b>
Eixo 2. Mellora da eficiencia enerxética	7	Adecuación de firme da Vía Verde no tramo de Santiago a Oroso		290.505 €		290.505 €
	8	Instalación de puntos de auga no percorrido da Vía Verde	9.680 €	9.680 €		19.360 €
	9	Instalación de estacións de auto-reparación de bicicletas na Vía Verde	12.100 €	12.100 €		24.200 €
	<b>Total EIXO 2</b>	<b>21.780 €</b>	<b>312.285 €</b>		<b>334.065 €</b>	
Eixo 3. Transición dixital	10	Plan de formación e acompañamento para a mellora da dixitalización das empresas e profesionais do turismo e a gastronomía	14.545 €	17.545 €	12.843 €	44.933 €
	11	Desenvolvemento e implantación de aplicacións dixitais de realidade virtual para coñecer o pasado da vía ferroviaria e a súa relación cos produtos alimentarios do sector primario	30.250 €	36.905 €	12.100 €	79.255 €
	12	Elaboración e promoción dun mapa virtual con recursos vinculados ao turismo gastronómico do territorio		18.029 €	18.029 €	36.058 €
	<b>Total EIXO 3</b>	<b>44.795 €</b>	<b>72.479 €</b>	<b>42.972 €</b>	<b>160.246 €</b>	
Eixo 4. Competitividade	13	Sesións de showcooking para profesionais do sector do turismo gastronómico no territorio	17.908 €	17.908 €	17.908 €	53.724 €
	14	Inventario e análise turístico de recursos para a posta en valor de elementos patrimoniais vinculados á gastronomía nos concellos da Vía Verde	17.545 €			17.545 €
	15	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional sobre a gastronomía nos concellos da Vía Verde	14.520 €	14.520 €	14.520 €	43.560 €
	16	Deseño e promoción dun programa de roteiros na Vía Verde para a posta en valor do patrimonio gastronómico con participación da poboación e os profesionais locais	30.250 €	30.250 €	30.250 €	90.750 €
	17	Deseño e desenvolvemento de xornadas gastro-lúdicas nas áreas de descanso ou estacións da Vía Verde durante a tempada baixa en colaboración con profesionais da cociña locais	48.400 €	66.550 €	54.450 €	169.400 €
	18	Asistencia técnica para a xestión do Plan de Sustentabilidade Turística en Destinos da Vía Verde	50.820 €	50.820 €	50.820 €	152.460 €
	19	Deseño e impartición de actividades formativas dirixidas a traballadores de entidades públicas e privadas do sector turístico para mellorar a competitividade do sector do turismo e a gastronomía como base dun mellor servizo ás persoas visitantes	17.545 €	17.545 €	17.545 €	52.635 €
	20	Deseño e colocación de soportes informativos e promocionais sobre a relevancia histórica da Vía Verde no transporte de produtos do sector primario e a súa relación co turismo gastronómico		18.150 €	21.150 €	39.300 €
	<b>Total EIXO 4</b>	<b>211.508 €</b>	<b>230.263 €</b>	<b>218.743 €</b>	<b>660.514 €</b>	
	<b>TOTAL</b>	<b>351.683 €</b>	<b>718.137 €</b>	<b>305.625 €</b>	<b>1.375.400 €</b>	